



A TÚA CIDADE

BREVE VISIÓN HISTÓRICA DE NARONTERRA SEGUNDO DIVERSOS TRABALLOS DO HISTORIADOR NARONÉS ANDRÉS PENA GRAÑA.

7º LOCACIÓN - CONDUCCIÓN

Os priores de Xuvia e Pedroso máis atentos á prosperidade das súas casas ou liñaxes que aos seus mosteiros, inclúen nos contratos de foro cláusulas que obrigan ao mosteiro no momento da reversión (é dicir cando caducan os foros) a aforar os mesmos bens, co mesmo canon e baixo idénticas condicións sempre á mesma liñaxe.

As familias fidalgas sobreditas perpetúanse tamén nos cargos municipais das villas de Ferrol e Neda, sentando as bases dunha protoburguesía de sangue, que, en poucas xeracións, mediante endogamia reconstruía continuamente as súas xenealoxías. Da súa actividade depende unha industria de salgadura de peixe, extracción de marisco, sobre todo ostras, os portos, as instalacións industriais e a pesca desenvolvida no Mar da Xoiva en torno ao "Campo das Redes", aforado por Pedroso aos Fernández de Ferrol (antepasados da Casa de Mandiá ou Casa do Monte), onde adoitaban a enxugar e lavar as redes os mariñeiros. Xunto á obtención de peixe salgado, coiros, viños (a plantación de vide foi incentivada polos mosteiros de Xuvia e Pedroso) e o control da pesca, pronto aprenderon os fidalgos trasanqueses (Piñeyro, Andrade, Tenreyro Mandiá) a arte da comercialización e do tráfico marítimo internacional contando nos séculos seguintes con naves propias no "mar da Xoiva" ou ría de Ferrol, orientadas ao comercio do Atlántico sobre todo a Inglaterra. Cocas, Naos e Carabelas - como a famosa nao Sta. María de Caranza de Fernán Pérez de Andrade ou a nao dos Piñeiro que sería negada segundo Gándara a Enrique de Trastámara, pero tamén ao tráfico co Mediterráneo (naves de Roi González e Fernán González de Mandiá). Xunto co sal necesario para a industria de salgadura, constituían as principais importacións panos ingleses bastos de estopilla, e os texidos como sedas e morillas finos do Mediterráneo.